

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/4	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria: Extraordinaria

Motivo: «PLENO EXTRAORDINARIO CONVOCADO EN SUBSTITUCIÓN DO PLENO ORDINARIO QUE TERÍA QUE CELEBRARSE O 30 DE ABRIL DE 2026»

Data e hora: 1ª convocatoria: 29 de abril de 2026 ás 20:00

2ª convocatoria: 5 de maio de 2026 ás 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Secretario: GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	SOL AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. alcalde-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

E non habendo observacións dase por aprobada a acta por unanimidade dos (13) concelleiros presentes.

Expediente 59/2026. CORRECCIÓN DE ERROS ACORDO PLENARIO CAMBIO DE USO PARCELA CRUCEIRO DE ROO	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“Visto que en data 26 de xaneiro de 2026 adoptouse acordo plenario relativo ao cambio de uso da parcela con número de referencia 6313001NH0461S0001XG, asignando un uso sanitario-asistencial (SAX) a parte da mesma que anteriormente se atopaba cualificada como dotacional docente e deportivo (usos DCX-3 e DPX-2).

O citado acordo foi obxecto das publicacións legalmente establecidas, sendo posteriormente, con obxecto da súa inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia, remitido á Consellería de Vivenda y Planificación de Infraestruturas, a cal mediante requirimento de data 8 de abril de 2026 solicitou determinadas aclaracións ao contido do acordo.

Das aclaracións solicitadas detectouse un erro na parte dispositiva do acordo, xa que no mesmo non se trasladou correctamente o réxime de usos da parcela de referencia que se recollen na documentación técnica obrante no expediente, ao omitirse por erro o uso deportivo (DPX-2) na parte da parcela non afectada polo cambio de uso.

Por todo o anteriormente exposto, en aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta Alcaldía propón ao pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



Primeiro.- Rectificar o contido do acordo plenario de data 26 de xaneiro de 2026 relativo ao cambio de uso da parcela con número de referencia 6313001NH0461S0001XG, que queda como segue:

“Considerando que os terreos anexos ao Pavillón Deportivo do Cruceiro de Roo están cualificados como Dotacional (Docente e Deportivo).

Tendo en conta que para o antigo colexio público CEIP do Cruceiro de Roo xa foi cambiado o seu uso para sanitario – asistencial e feita unha cesión á Asociación Adisbismur para darlle un uso de residencia para persoas con diversidade funcional.

Considerando que neses terreos non se está a facer ningunha actividade e están infrautilizados.

Tendo en conta ademais o aumento dos tramos de poboación maior que cada vez teñen mais necesidades asistenciais e considerando dende o concello que é preciso actuar no apartado do envellecemento activo para mellorar a calidade de vida dos nosos maiores, ponse de manifesto o interese de darlles un novo uso dotacional aos anteditos terreos para sanitario-asistencial co fin de complementar calquera necesidade arredor da edificio do antigo colexio público do Cruceiro de Roo e dos programas de envellecemento activo do Concello.

Vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados ao expediente, así como o resto da documentación obrante no mesmo, sométese a consideración do Pleno da Corporación para o seu estudo, debate e votación a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso da parcela con número de referencia 6313001NH0461S0001XG, na súa zona norte e segundo a planimetría recollida nos documentos técnicos incorporados ao expediente (CSV 5XW5TJLQMZRC2NKRWWWKTJRQ9), pasando de uso deportivo (DPX-2) a sanitario-asistencial (SAX) quedando do seguinte xeito:

- uso docente (DCX-3) e uso deportivo (DPX-2) cunha superficie de 10.828,00 m2.
- uso sanitario-asistencia (SAX) cunha superficie de 4.500,00 m2.

Segundo.- Dar traslado do acordo que se adopte aos departamentos municipais de Urbanismo e Secretaría co gallo de incorporar este cambio de uso aos instrumentos de ordenación que proceda cando se redacten modificacións ou revisións do planeamento vixente.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia, así como comunicalo á Dirección Xeral de Ordenación do

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a efectos da súa inclusión no Rexistro de Planeamento de Galicia.

Cuarto.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación do presente acordo."*

Segundo.- *Publicar o presente acordo rectificativo no Diario Oficial de Galicia, así como comunicalo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a efectos da súa inclusión no Rexistro de Planeamento de Galicia."*

Inicia o debate a voceira de Compromiso Outes, a sra. Quintela Vilariño, indicando que continúan sen coñecer a verdadeira motivación deste cambio de uso da parcela. Como non existe aínda ningún proxecto para desenvolver nela, é chamativo que esta sexa a segunda vez que sae o tema no pleno en tan pouco tempo.

Intervén de seguido o voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, indicando que lle sorprende a falta de rigorosidade que ten o goberno local actual cos expedientes, a xestión e a supervisión das cousas antes de levalas a pleno, e que xa indicaron que no seu momento que houbo unha total falta de transparencia tanto na comisión como no pleno.

Intervén para pechar o debate novamente o alcalde sinalando que o asunto está claro e que a o equipo de goberno lle gusta actuar con previsión, dotando a esa parcela dun uso permitido no PXOM que lle permita efectuar no mesmo actuacións no caso de darse a oportunidade.

Sométese o punto a votación quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, con 7 votos a favor (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

Expediente 296/2026. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS MUNICIPAIS	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



seguinte:

“Visto que é vantande deste equipo de Goberno proceder á modificación da ordenanza municipal reguladora do uso das praias do municipio de Outes, co gallo de proceder á corrección de erros detectados na mesma relativos ás coordenadas xeográficas delimitadoras dos puntos de baño autorizados para cans, así como a redefinición destes espazos para atender as demandas da veciñanza.

Visto o informe de procedemento emitido pola Secretaría Xeral.

*Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación para o seu estudo, debate e votación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

Primeiro.- *Aprobar inicialmente a modificación do artigo 18 da ordenanza municipal reguladora do uso das praias do Municipio de Outes, cuxo teor literal é o seguinte:*

“ARTIGO 18. PUNTOS DE BAÑO PARA CANS.

- 1. Permítese a presenza de cans en toda a costa do Concello, agás na praia de Broña e de Siavo, nas que, en tempada de alta afluencia só se autoriza a presenza de cans soltos entre as 21:00 horas e as 11:00 horas do día seguinte, agás os cans de raza perigosa, que deben ir con correa de non máis de 2 metros e boceira. Aos efectos do disposto na presente Ordenanza, enténdese por:*
- 2. Tempada de alta afluencia: do 1 de xuño a 15 de setembro e Semana Santa (de xoves a domingo).*
- 3. Tempada de baixa afluencia o resto do ano.*
- 4. Establécese como punto autorizado de baño para cans durante todo o ano coa categoría de Zona Canina a cala situada nas coordenadas xeográficas 42º 47'56.6" N 8º 55' 30.8" W (42.799054, -8925218), que coinciden coa cala situada despois da praia de Broña cara Punta do Requeixo, denominada Bitureira. Os cans de raza perigosa deben ir con correa de non máis de 2 metros, o resto poderán estar soltos dentro de esa área delimitada.*
- 5. Os donos dos animais teñen a obrigaón de recoller as deposicións que realicen e deixalas nos contedores, con independencia da praia e época do ano. En caso de non realizalo serán sancionados. Os donos dos animais*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



serán os responsables do seu comportamento en todo momento. Deben velar por un comportamento respectuoso cos demais usuarios dos areas e deberá asumir os danos que poida ocasionar a terceiros ou no mobiliario público.”

Segundo.- *Someter a modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas.*

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<https://www.outes.gal/>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

En Outes, na data da sinatura dixital.

O alcalde

ANEXO I - TEXTO CONSOLIDADO DA ORDENANZA COA MODIFICACIÓN PROPOSTA

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 18 DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO MUNICIPIO DE OUTES.

ARTIGO 1. OBXECTO.

O Obxecto da presente Ordenanza é o establecemento do marco legal de regulación do correcto uso do litoral do municipio de Outes, así como do marco legal de regularización conxugado co dereito ao gozar do mesmo por todos os cidadáns.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

A presente Ordenanza rexerá en todo o Termo Municipal de Outes, en todo o espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre estatal concretado na
BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



Lei 22/1988 do 28 de xullo, de Costas e o Regulamento que a desenvolve, como se establece no artigo 3.

ARTIGO 3. EXERCICIO DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

Corresponderá á Alcaldía ou Concellería Delegada, esixir de oficio, ou a instancia de parte, a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e impoñer sancións no caso de incumprimento do ordenado.

ARTIGO 4. CONCEPTOS.

A efectos da presente Ordenanza e de acordo coa normativa estatal básica, así como a de carácter autonómico de aplicación enténdese como:

- 1. Praias: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpes, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais.*
- 2. Augas de baño: Aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, practíquese por un número importante de persoas.*
- 3. Zona de baño: O lugar onde se atopan nas augas de baño carácter marítimo e os lugares contiguos que constitúen parte accesoria desta auga en relación cos usos turísticos-recreativos. En todo caso entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para iso.*
- 4. Zona de Varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque e mantemento de embarcacións profesionais e de recreo, debidamente listadas*
- 5. A servidume de protección recae sobre a zona de 100 metros, medida terra dentro dende o límite interior da ribeira do mar*

ARTIGO 5. ACTIVIDADES E USOS.

1. As normas da presente ordenanza son de obrigado e directo cumprimento,
BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026



sen necesidade dun previo acto de requirimento de suxeición individual, para todo uso, e actividade que se realice a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza.

- 2. En todo caso, o incumprimento ou inobservancia das referidas normas desta Ordenanza, quedará suxeito ao réxime sancionador que nela establécese.*

ARTIGO. 6. NORMAS DE USO DAS PRAIAS.

- 1. A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordos coa natureza daquelas, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar, varar e outros actos que non requiran obras e instalacións de ningún tipo nin autorizacións específicas e que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, así como a presente Ordenanza.*
- 2. As praias non serán de uso privado, sen prexuízo do establecido na Lei de Costas e o seu Regulamento.*
- 3. As instalacións que se permitan nas praias ademais de cumprir co preceptuado no número 2 anterior, serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso.*
- 4. En casos especiais nos que se vexa afectada, a xuízo da autoridade competente, a seguridade ou salubridade das persoas usuarias, por parte da Alcaldía, ou persoa en quen delegue, ditarase resolución na que se prohibirá o acceso, baño e/ou uso da praia de forma temporal ata que desapareza a situación que motivou o decreto.*

ARTIGO 7. USOS PREFERENTES.

O paseo, a estancia e o baño pacíficos na praia e no mar, teñen preferencia sobre calquera uso.

ARTIGO 8. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, XOGOS E EXERCICIOS.

- 1. En orde ao artigo anterior, queda prohibido nas zonas e augas de baño, tanto na area da praia como na auga do mar, a realización de actividades, xogos ou exercicios que poidan molestar ao resto de usuarios.*
- 2. Naquelas praias, cuxa dimensión permita a realización de actividades, xogos ou exercicios xunto co goce preferente na praia e no mar, poderanse levar a cabo sempre que se faga nos lugares determinados na mesma e en base ás seguintes condicións:*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



3. O concello poderá habilitar un lugar destinado para ese efecto debidamente balizado e sinalado para a práctica de actividades deportivas.
4. No caso de que tales actividades sexan realizadas por escolas deportivas e que con iso poida supor a presenza dun número importante de usuarios, e debido á limitación da zona, establecerase unha orde de goce cunha limitación de usuarios por escola, co fin de conseguir o acceso equitativo dos usuarios.
5. Exceptúanse da prohibición contida no num. 1 do presente artigo aquelas manifestacións de carácter deportivo ou lúdico organizadas ou autorizadas por este Concello, sen prexuízo da necesidade de autorización por parte das Administracións cando sexa preceptivo. As mesmas realizaranse sempre naqueles lugares previamente sinalizados e balizados para iso.
6. Nas zonas de baño prohíbese todo tipo de pesca dende a beira da praia entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, excepto entre as 21:30 e as 9:00 horas, para evitar os danos que os aparellos utilizados poidan causar ao resto dos usuarios.

En todo caso, calquera actividade de pesca deportiva submarina realizada dentro do horario autorizable exposto, quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia. Para a práctica de pesca submarina será preciso contar coas licenzas requiridas normativamente, que terán que ser exhibidas ao requirimento dos axentes da Policía Local ou membros do Servizo de Salvamento.

5. Está prohibido o marisqueo sen licenza en todas as praias.
6. Queda prohibido realizar na praia labores de mantemento, reparación, limpeza, etc. de embarcacións ou similares.

ARTIGO 9. PROHIBICIÓN DE RUÍDOS.

Prohíbese a utilización na praia de aparellos de radio, altosfalantes, móbiles ou similares, instrumentos musicais ou calquera outro mecanismo, que emitan ruídos altos (máis de 60 decibelios), e con iso poidan molestar aos demais usuarios a non ser que empreguen o uso de auriculares.

Poderánse empregar equipos de sonorización só nos casos que autorice expresamente o concello e se considere unha actividade de interese público.

ARTIGO 10. VARADO DE EMBARCACIÓNS.

Prohíbese o baño e a estancia nas zonas que o Concello destine para varado de

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



embarcacións, hidropedais, motos acuáticas, etc. E que estarán debidamente balizadas no caso de que houbera esta clase de servizos.

ARTIGO 11. NORMATIVA DE RÓTULOS E TERRAZAS

1. Queda prohibida a colocación de calquera tipo de rótulo na praia polos particulares, quedando dita atribución reservada para as Administracións Públicas con competencia para iso e debendo realizarse, en todo caso, mediante modelos normalizados.
2. Deben empregarse modelos normalizados, determinados polo concello, de mobiliario de terrazas para os establecementos nas servidumes das praias con pautas estéticas uniformes, sen prexuízo dos elementos que xa tiveran mercados ate o momento da entrada en vigor da presente ordenanza.

ARTIGO 12. ESTACIONAMENTO E CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS.

1. Prohíbese o estacionamento ou circulación non autorizado de vehículos pola praia.
2. A prohibición do número anterior non será de aplicación a aqueles vehículos destinados á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, servizos de urxencia, seguridade e outros similares.
3. Quedan expresamente autorizados para estacionar e circular pola praia os carriños de persoas con discapacidade, así como tamén, a utilización na auga do mar daqueles especialmente deseñados para tal fin, todo iso sen prexuízo das precaucións que deban adoptar as propias persoas con diversidade funcional e/ou persoas que lles asistan en orde a manter a seguridade do resto de usuarios.
4. O Concello de Outes adoptará as medidas oportunas para facilitar ás persoas con discapacidade, a utilización das praias e as súas instalacións en consonancia co establecido pola Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014, do 3 de decembro.

ARTIGO 13. CAMPAMENTOS E ACAMPADAS.

Están prohibidos os campamentos e as acampadas na praia, tal e como o recolle a Lei 22/88, do 28 de xullo de Costas e o decreto 97/2019 do 18 de xullo, que só se permitirán na zona delimitada como servidume de protección, deixando a servidume de paso totalmente libre. Na servidume de protección que estea especialmente protexida, está prohibido acampar.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



ARTIGO 14. NAVEGACIÓN DEPORTIVA E DE RECREO.

1. Nas zonas exclusivas de baño estará prohibida a navegación deportiva e de recreo e a utilización de calquera tipo de embarcación ou artefactos flotantes, independentemente da súa propulsión.
2. O lanzamento e varada de embarcacións e artefactos haberá de facerse a través de canles debidamente balizadas a velocidade moi reducida (3 nós como máximo).
3. A zona exclusiva de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 100 mts. en praias e de 50 mts. no resto da costa. Dentro destas zonas non se poderá navegar a unha velocidade superior a 3 nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade da vida humana e á navegación marítima.
4. Respecto ao uso de motos acuáticas, será de aplicación a normativa xeral de aplicación e en concreto o recolleito no Real Decreto 259/2002 do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos acuáticas.

ARTIGO 15. PUBLICIDADE.

Queda prohibida a publicidade nas praias a través de carteis ou valos ou por medios acústicos ou audiovisuais.

ARTIGO 16. DEBERES E OBRIGAS DO CONCELLO.

1. Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.
2. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Outes:
3. Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.
4. Sinalizará a prohibición de baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación cando así veña establecido por el órgano competente, ata en tanto non se comunique a desaparición do risco sanitario polo devandito órgano.
5. Adoptará as medidas necesarias para clausura de zonas de baño, cando así veña acordada polo órgano competente. Ditas medidas manteranse ata

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026



que sexa comunicado o acordo de re apertura da zona de baño polo devandito órgano.

- 6. O Concello realizará a xestión de limpeza das praias coa frecuencia de horarios previsto para a adecuada prestación do servizo.*
- 7. Os servizos municipais e/ou a policía municipal poderán retirar os elementos instalados irregularmente en base á normativa vixente e depositalos en dependencias municipais cando non sexa posible identificar os propietarios, que lles serán devoltos a condición de que presenten medios acreditativos que se axusten a dereito. Este feito non exime ao propietario de facer fronte ao procedemento sancionador aplicable, de ser o caso.*

ARTIGO 17. RÉXIME APLICABLE A ANIMAIS DOMÉSTICOS.

- 1. No caso de animais soltos que deambulen pola praia, serán responsables dos mesmos os seus propietarios. Enténdese por animal abandonado o que non vaia acompañado por persoa algunha.*
- 2. Queda autorizada a presenza na praia de cans guía en compañía da persoa que sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor e/ou propietario nin das medidas que o mesmo deba adoptar para evitar molestias ou risco para o resto dos usuarios.*

ARTIGO 18. PUNTOS DE BAÑO PARA CANS.

- 4. Permítese a presenza de cans en toda a costa do Concello, agás na praia de Broña e de Siavo, nas que, en tempada de alta afluencia só se autoriza a presenza de cans soltos entre as 21:00 horas e as 11:00 horas do día seguinte, agás os cans de raza perigosa, que deben ir con correa de non máis de 2 metros e boceira. Aos efectos do disposto na presente Ordenanza, enténdese por:*
- 5. Tempada de alta afluencia: do 1 de xuño a 15 de setembro e Semana Santa (de xoves a domingo).*
- 6. Tempada de baixa afluencia o resto do ano.*
- 7. Establécese como punto autorizado de baño para cans durante todo o ano coa categoría de Zona Canina a cala situada nas coordenadas xeográficas 42º 47'26.6" N 8º 55' 30.8" W (42.799054, -8925218), que coinciden coa cala situada despois da praia de Broña cara Punta do Requeixo, denominada Bitureira. Os cans de raza perigosa deben ir con correa de non máis de 2 metros, o resto poderán estar soltos dentro de esa área*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



delimitada.

- 8. Os donos dos animais teñen a obrigaón de recoller as deposicións que realicen e deixalas nos contedores, con independencia da praia e época do ano. En caso de non realizalo serán sancionados. Os donos dos animais serán os responsables do seu comportamento en todo momento. Deben velar por un comportamento respectuoso cos demais usuarios dos areas e deberá asumir os danos que poida ocasionar a terceiros ou no mobiliario público.*

ARTIGO 19. USO DAS DUCHAS E LAVAPÉS.

- 1. Queda prohibido lavarse na auga do mar, duchas ou lava pés, utilizando xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar.*
- 2. Queda prohibido dar ás duchas, lava pés, aseos e mobiliario urbano en xeral, situados nas praias, un uso diferente ao que lle é propio.*

ARTIGO 20. RESIDUOS.

- 1. Queda prohibido lanzar na area ou na auga do mar calquera tipo de residuos, sobre todo se devandito obxecto é de cristal, aluminio ou ferro debido aos graves problemas que pode carrexar.*
- 2. Devanditas verteduras haberán de realizarse nos contedores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia e que o Concello implantará segundo as necesidades de cada zona.*
- 3. Para o uso correcto dos devanditos contedores haberá de seguirse as seguintes normas:*
- 4. Non se empregarán para a vertedura de líquidos, entullos, madeiras, aveños, etc. así como tampouco para animais mortos.*
- 5. Non se depositarán neles materiais de combustión.*
- 6. Os lixos depositaranse no interior do contedor, evitando o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu ao redor, polo que en caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito no contedor máis próximo.*
- 7. Prohíbese limpar na area da praia ou na auga do mar os aveños de cociñar ou os recipientes que servisen para portar alimentos ou outras materias orgánicas.*
- 8. Calquera infracción deste artigo, será sancionada, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos e limpeza do lugar.*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



ARTIGO 21. LUMES E PRODUTOS INFLAMABLES.

1. Queda prohibido realizar lume directamente no chan da praia, areas, pedras ou rocas, salvo na noite de San Xoan previa solicitude no Concello e seguindo as indicacións normativas que se establezan.
2. Queda prohibido o uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias, a excepción do combustible utilizado para prover os motores das embarcacións nas zonas de varada, cuxa manipulación haberá de realizarse seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que a realice.

ARTIGO 22. OBRAS.

Non se permitirá obra fixa no espazo público salvo as previamente autorizadas, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez termine o prazo de autorización previsto.

ARTIGO 23. BANDEIRAS INDICADORAS.

Instalaranse mastros, nas praias que teñan servizo de socorrismos, nos que se izará unha bandeira indicadora, pola súa diferente cor, do estado da mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño, a saber:

1. Verde: mar en calma, bo para o baño.
2. Amarelo: marexada, precaución para o baño.
3. Vermello: marusía, perigo para o baño.

ARTIGO 24. INDICACIÓNS DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO.

A desobediencia ás indicacións e informacións do servizo de salvamento e socorrismo que supoñan un perigo para os bañistas ou para o servizo de salvamento e socorrismo tipificaranse como infraccións moi graves.

ARTIGO 25. INFRACCIÓNS

1. Considéranse infraccións conforme á presente ordenanza a vulneración de calquera das prohibicións ou prescricións contidas na mesma.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Serán infraccións leves as que non sexan clasificadas como graves nin moi graves por medio da Ordenanza.
4. Serán infraccións graves:

1. A vertedura ou depósito de materiais que poidan producir

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026



contaminación ou risco de accidente pero sexan facilmente controlables sen chegar a supor un dano para o medio ambiente.

- 2. A varada ou permanencia de calquera tipo de embarcación nas zonas de baño*
- 3. Realizar queimas nos lugares, data, horarios non permitidos ou realízalas sen suxeición ao procedemento establecido para a súa autorización.*
- 4. O depósito nos contedores de lixos de materiais en combustión.*
- 5. A tenencia de animais nas praias non habilitadas para iso durante o período establecido.*
- 6. A práctica da pesca en calquera das súas modalidades en lugar, época ou horario non autorizado.*
- 7. Facer lume nas praias.*
- 8. Usar bombonas de gas ou líquidos inflamables na praia.*
- 9. Limpar os utensilios de cociñar nas duchas, deteriorar dalgún xeito as duchas, lava pés, aseos, mobiliario urbano situado nas praias, así como o uso indebido dos mesmos.*
- 10. A reincidencia en faltas leves.*

5. Serán infraccións moi graves:

- 1. A vertedura ou depósito de materiais que poidan producir contaminación ou risco de accidente que provoquen un dano cuantioso para o medio ambiente.*
- 2. Realizar calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar coa preceptiva autorización.*
- 3. A causa de calquera impacto negativo sobre a fauna e flora tanto litoral como mariña.*
- 4. A reiteración de falta grave.*
- 5. Desobedecer ás indicacións e informacións do servizo de salvamento e socorrismo.*
- 6. A non recollida das deposicións dos animais de compañía.*

ARTIGO 26. SANCIONES.

- 1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata catrocentos euros*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



(400 euros)

2. *As infraccións graves serán sancionadas con multa de catrocentos e un euros ata mil euros (401 a 1000 euros).*
3. *As infraccións moi graves con multas de mil e un euros ata tres mil euros (1001 ata 3000 euros)*
4. *Para a determinación da contía das sancións teranse en conta os seguintes criterios:*
5. *A reincidencia do responsable.*
6. *A maior ou menor perturbación causada pola infracción no medio ambiente e/ou usuarios.*
7. *A intencionalidade do autor.*
8. *Serán responsables das infraccións tipificadas na presente Ordenanza as persoas físicas e/ou xurídicas que as cometan.*
9. *A responsabilidade esixible o será non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas, animais ou bens polos que civilmente débese responder conforme ao dereito común. As responsabilidades administrativas que deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización por danos e prexuízos causados que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo, en todo caso, comunicarse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine, e quedando, de non facerse así, expedita a vía xudicial correspondente.*

ARTIGO 27. POTESTADE SANCIONADORA.

1. *Os axentes da autoridade que exercerán o labor sancionador será a Policía Local de Outes, que requirirán ao autor de calquera actividade ou uso que contraveña esta ordenanza para que de inmediato cese a mesma ou o uso que se estea levando a cabo.*
2. *As denuncias formuladas polos axentes da autoridade realizaranse conforme aos preceptos desta ordenanza, e o procedemento establecido polo Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado mediante Decreto 1398/1993 do 4 de agosto e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



3. Compete a resolución dos expedientes sancionadores que se incoen ao amparo da presente Ordenanza á alcaldía ou persoa en quen este delegue.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince día hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

SEGUNDA. No non previsto por esta Ordenanza, estarase ao disposto na normativa estatal e autonómica sobre a materia.”

Abre o debate a voceira de Compromiso Outes, manifestando que ven ben atender a demanda dos veciños, pero criticou que se prohibise a presenza de cans en Porto Siavo sen ofrecerlle alternativas á cidadanía.

Intervén a Concelleira do BNG, a sra. Agra Tuñas, apuntando que, aínda que o actual goberno tiña pouca iniciativa en canto a ordenanzas, apoiarían a modificación porque respectaba o uso responsable da costa e atendía a unha demanda social para regular unha realidade existente.

O concelleiro non adscrito, so sr. Caamaño Lestón, xustifica o cambio polas queixas da veciñanza, afirmando que o goberno só pretendía escoitar aos veciños.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando aprobado por **UNANIMIDADE**.

Expediente 1105/2025. SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA "MELLORA EN VILAR DE OUTES E OUTROS"	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES

O Concello de Outes ten unha serie de infraestruturas que rexistran un alto número de necesidades de actuacións na mellora de viarios, tanto interiores como de acceso a núcleos rurais de poboación, entre eles, no Lugar de Vilar de Outes, da parroquia de Outes, Fontenlos (parroquia de Entíns) e Áspera

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



(parroquia de Roo).

Con data 18 de novembro de 2025, solicitouse á Deputación da Coruña a tramitación dun convenio de colaboración para o cofinanciamento das obras referenciadas no encabezamento.

Considerando xustificada a participación da Deputación da Coruña no financiamento do investimento previsto polos motivos sinalados na memoria desta Alcaldía que obra no expediente.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar o interese público provincial para a participación no financiamento dos investimentos previstos no proxecto: “Mellora Vilar de Outes e outros” mediante a concesión dunha subvención nominativa e a formalización do correspondente convenio interadministrativo de colaboración, de conformidade cos artigos 18 a 21 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP n.º: 185, 29.09.2025), polos motivos que se relacionan de seguido:

1.- Razóns de interese público de carácter económico e social:

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Neste aspecto debemos sinalar que o Concello de Outes, na actualidade, non dispón dos recursos económicos e orzamentarios para financiar en solitario o investimento previsto.

Existe tamén un claro interese social xa que as melloras previstas nas pavimentacións dos núcleos de Vilar de Outes, Fontenlos e Áspera facilitarán os accesos a ditos núcleos co cal servirá para implantar ou mellorar a prestación de servizos en ditos núcleos: transporte usuarios Centro de Día, transporte escolar, instalación de redes autónomas de saneamento, etc.

Todos estos factores económicos e sociais condicionan a consolidación e fixación de poboación nos núcleos rurais.

2.- Circunstancias que impiden a inclusión deste investimento no Plan de Obras e Servizos (POS):

O Concello de Outes non pode incluír o investimento no POS xa que, debido ao aumento dos custos da prestación dos servizos básicos municipais, a asignación prevista para este ano 2026 (por un importe de 706.855,57 €), destinarase a sufragar o gasto corrente das anteditas prestacións básicas. Esta circunstancia, BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



xunto co dato de que no ano 2025 tamén se adicaron os fondos do POS a gasto corrente, provoca que non se poidan atender as inversións necesarias na mellora e mantemento das infraestruturas viarias, como é neste caso dos lugares de Vilar de Outes, Fontenlos e Áspera.

SEGUNDO.- Solicitar a Deputación da Coruña un subvención nominativa polo importe de 104.000,00 Euros, para a execución do proxecto denominado: “MELLORA VILAR DE OUTES E OUTROS” que ascende a 130.000,00 euros, cos seguintes coeficientes de financiamento:

Entes financiadores	Importe a financiar	Coeficiente de financiación
Deputación Provincial	104.000,00 €	0,80
Concello de Outes	26.000,00 €	0,20

TERCEIRO.- Ratificar o Decreto de Alcaldía número: 2026-0158, do vinteseis de marzo, polo que se resolve a aprobación do proxecto técnico das anteditas obras de Mellora Vilar de Outes e outros.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervén a voceira do Compromiso Outes, destacando que calquera investimento en obras necesarias era benvido xa que repercutiría positivamente na veciñanza.

Intervén de seguido o voceiro de BNG, valorando positivamente as obras mais lembrou as importantes achegas da Deputación fronte ao escaso financiamento da Xunta de Galicia, criticando que estas obras non se priorizaran con fondos doutros plans.

Intervén o alcalde respondendo que a obriga do goberno era conseguir investimentos sen entrar en agravios comparativos entre administración.

A voceira de Compromiso intervén novamente para criticar a falta de eficiencia na tramitación desta axuda dende decembro, ao que o alcalde respostando que non aceptaría leccións de eficiencia de quen non trouxera subvencións similares no seu mandato.

Finalizado o debate sométese o punto a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE.**

Expediente 194/2026. ADHESIÓN CONVENIO MARCO ENVASES LIXEIROS PAPEL E CARTÓN UN SÓ USO	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026



A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“Visto o texto do convenio marco denominado “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO”, con CSV jgHyZOTnxeC1 e asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Ecoembes, así como providencia da Alcaldía de solicitude de informes.

Considerando que é vontade deste Concello adherirse ao mesmo.

Visto o informe da Secretaría municipal de data 16 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar a adhesión ao convenio marco denominado “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO”, con CSV jgHyZOTnxeC1 e asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Ecoembes.*

Segundo.- *Facultar ao alcalde-presidente á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a formalización da adhesión ao citado convenio”*

Inicia o debate a voceira de Compromiso Outes, advertindo un erro nos informes de Secretaría e xustificou a súa abstención argumentando que o documento era denso e non aclaraba o impacto económico real para o concello.

O voceiro do BNG coincidiu na densidade da documentación e criticou que o goberno tramitase o convenio con présa, a pesar de telo dende febreiro, pondo en dúbida a súa eficiencia.

Para pechar o punto, intervén o alcalde considerando que a renovación era favorable e botando en cara á oposición a xestión precaria herdada.

Sométese o punto a votación quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, con 7 votos a favor (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito) e 6 BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

Expediente 193/2026. ADHESIÓN CONVENIO MARCO DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“Visto o “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE)” asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os representantes das asociacións e mercantís que figuran no texto do mesmo con CSV r0vT5XIqkrX4.

Considerando que é vontade deste Concello adherirse ao mesmo.

Visto o informe da Secretaría municipal de data 16 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar a adhesión ao “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE)” asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os representantes das asociacións e mercantís que figuran no texto do mesmo, con CSV r0vT5XIqkrX4.*

Segundo.- *Facultar ao Alcalde-Presidente á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a formalización da adhesión ao citado convenio.”*

Intervén a voceira do Compromiso Outes, anunciando a súa abstención, expresando dúbidas sobre a capacidade de decisión do concello dentro deste sistema complexo.

Non habendo mais intervencións, pecha o punto o alcalde defendendo o acordo como unha oportunidade para solucionar un servizo que non se estaba prestando segundo a norma.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



Sométese o punto a votación quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, con 7 votos a favor (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

Expediente 192/2026. ADHESIÓN CONVENIO MARCO DE PILAS E ACUMULADORES	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde expónse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“Visto o “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES” asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os representantes de Gestión Ambiental de Pilas (G82795691), European Recycling Platform España SLU (B84979160), Asociación Ecolec para la Gestión de Residuos de Pilas y Acumuladores (G87474755) e Unión de Industrias de la Batería S.L. (B65373151), con CSV kaK8Mc47qpT7.

Considerando que é vontade deste Concello adherirse ao mesmo.

Visto o informe da Secretaría municipal de data 16 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar a adhesión ao “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES” asinado entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os representantes de Gestión Ambiental de Pilas (G82795691), European Recycling Platform España SLU (B84979160), Asociación Ecolec para la Gestión de Residuos de Pilas y Acumuladores (G87474755) e Unión de Industrias de la Batería S.L. (B65373151), con CSV kaK8Mc47qpT7, na súa modalidade denominada no anexo I “OPCIÓN A”, pola cal o concello seguirá coordinando e sufragando a contenerización, o servizo de recollida, o transporte*

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



(desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo III do precitado convenio marco.

Segundo.- Facultar ao Alcalde-Presidente á sinatura de cantos documentos sexan precisos para a formalización da adhesión ao citado convenio.”

Abre o debate a voceira do Compromiso Outes, mostrándose a favor do principio de responsabilidade do produtor, pero abstívose ao non ter claros os custos que asumiría o concello.

O voceiro do BNG reprochou ao goberno ter perdido a retroactividade dos beneficios por asinar tarde o convenio.

Resposta o alcalde indicando que era imposible reclamar carácter retroactivo porque o servizo levaba sen facerse dende o ano 2018.

Intervén a voceira de Compromiso Outes para puntualizar que no seu mandato as pilas enviábanse ao Colexio de Outes, xa que este participaba nun concurso.

Intervén o voceiro do BNG acusando ao Goberno de lanzar bulos e manipular a realidade.

Sométese o punto a votación quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, con 7 votos a favor (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA REVERSIÓN EN PÚBLICO DA CENTRAL DO TAMBRE	
REXEITADA	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do voceiro do BNG dase lectura á moción, cuxo teor literal é o seguinte:

“O pasado 17 de marzo de 2026, publicouse no DOG o anuncio de Augas de Galiza polo que se somete ao trámite de información pública o expediente de extinción do título concesional para o aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, titularidade de Naturgy Generación, S.L.U. Este procedemento, que afecta os concellos de Brión, Negreira e Noia, refírese aos saltos Tambre I, Tambre II e Tambre III, cuxa causa de extinción é o esgotamento do prazo BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



concesional.

A lexislación establece que as explotacións hidroeléctricas non poden ter un prazo superior aos 75 anos. Unha vez extinguida a concesión, esta debe reverter á administración pública. Esta conxuntura ofrece unha oportunidade irrecusábel: recuperar a explotación directa destes recursos a través dunha empresa pública, garantindo que o beneficio do noso patrimonio natural sexa socialmente favorábel.

O contexto enerxético actual na Galiza amosa unha grave falta de planificación. Mentres exportamos enerxía eléctrica e soportamos todos os custos sociais, económicos e ambientais sen retorno ningún. A construción das centrais supuxo, historicamente, a perda de núcleos de poboación, a inundación de terras fértiles e o desprazamento de habitantes; unha carga pesada que Galiza levou até hoxe sen obter compensacións xustas.

A maioría dos concellos galegos acollen infraestruturas eléctricas, mais isto non reverte en riqueza local. Pola contra, prodúcense graves irregularidades e impactos que fan este modelo insostíbel.

En Outes e no resto da ría, isto maniféstase co desleixo que mantivo Naturgy ao longo dos anos co marisqueo. Chegamos ao fin da concesión sen que esta cumprira cun protocolo que garantira as mellores condicións co coidado da nosa ría coas graves afectacións que isto ten no sector do marisqueo, no ecosistema e na seguridade laboral das traballadoras da ría.

Outes é, ademais, o concello coas zonas máis inundables da ría e, polo tanto, está no maior dos nosos intereses en que a central do Tambre teña uns protocolos óptimos e estea na mellor das condicións posibles.

Desde o BNG consideramos que os proxectos deben responder a unha estratexia planificada onde a enerxía se entenda como un ben público esencial. Para acadar este obxectivo, é imprescindible a creación dun ente ou empresa pública que xestione a transformación enerxética con criterios de soberanía.

Así mesmo, cómpre advertir da opacidade que rodea o vencemento destas concesións. A falta de información documental fai que sexa imposíbel coñecer con precisión o estado de moitas centrais, polo que é ineludíbel realizar unha auditoría integral. A propia administración recoñece a existencia de concesión caducadas que seguen en mans privadas, unha situación intolerábel que debe corrixirse de oficio.

Polo sinalado, o presente expediente de extinción no río Tambre debe implicar a

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



reversión á administración para a súa xestión directa, con fins de utilidade pública e fomento da competitividade do noso tecido produtivo.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.** *Solicitar á Xunta de Galiza a reversión ao público do título concesional con destino a aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, titularidade de Naturgy Generación, S.L.U, nos concellos de Brión, Negreira e Noia (A Coruña) (clave 6/204/19).*
- 2.** *Solicitar á Xunta de Galiza a realización dunha auditoría a fin de determinar as concesións caducadas a día de hoxe e que seguen formalmente a ser explotadas por empresas privadas, iniciando de oficio os procedementos co fin de revertelas ao público.*
- 3.** *Solicitar á Xunta de Galiza a creación dun ente público ou empresa pública que planifique e xestione a transformación enerxética entendendo a enerxía como un ben público que debe ser básico e esencial, e planifique sobre criterios de soberanía e sostibilidade no territorio onde estean implantadas.*
- 4.** *Instar á Xunta de Galiza á creación dun protocolo axeitado para a xestión do caudal da central que permitan unhas óptimas condicións para o marisqueo na ría e a preservación do ecosistema no baixo Tambre.*
- 5.** *Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza."*

Abre o debate a voceira do Compromiso Outes, apoiando os puntos relativos á protección da ría, pero opinou que a creación dunha empresa pública precisaba un debate maior, fóra das competencias do pleno.

O concelleiro non adscrito manifestou compartir en parte as dúbidas de Compromiso.

O alcalde intervén aclarando que a reversión xa estaba sendo xestionada pola Xunta, malia as discrepancias do goberno central sobre os prazos, e que, aínda que apoiaban un protocolo de xestión do caudal, rexeitaban o resto da moción.

Intervén novamente o voceiro do BNG, para indicar que traen esta moción ao afectar directamente á veciñanza do Concello de Outes, alegrándose de que exista un consenso no punto de control do caudal.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



A voceira de Compromiso Outes resposta que están de acordo coa esencia da moción.

O concelleiro non adscrito valorou facer unha proposta de emenda pero rexeita tal opción ao entender que non vai sair adiante.

O alcalde di que votarán en contra da moción ao non estar de acordo en tódolos os seus puntos e ser a votación en conxunto dos mesmos.

Sométese o punto a votación quedando **REXEITADA**, con 6 votos a favor (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG) e 7 votos en contra (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito).

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR UN GRAO TÉCNICO DE COIDADOS PARA OUTES	
REXEITADA	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do voceiro do BNG dase lectura á moción, cuxo teor literal é o seguinte:

“Segundo os datos máis recentes, a metade da poboación Outense ten máis de 55 anos, cun 37 % da veciñanza superando os 65 anos. Os datos indican que a idade media do noso concello cada día aumenta ao non chegar a acadar un ritmo semellante nos nacementos polo que, as faixas de idade máis baixas son moito menores en número que as maiores. Actualmente hai case 7 persoas maiores por cada 10 persoas en idade activa.

Esta realidade é algo ben coñecida por todos e é por iso polo que é fundamental avanzar nos servizos dispostos a atender ás nosas persoas maiores. Nos últimos anos Outes conta cunha nova residencia privada e contará coa residencia para persoas con gran dependencia que impulsa ADISBISMUR. Tamén agardamos que se faga realidade algo que levamos propoñendo dende o BNG moitos anos: unha residencia pública en Outes.

Isto dase sen haber na nosa comarca ningún tipo de grao para a formación do persoal no sector. Outes podería acoller un grao de formación profesional para o coidado de persoas con dependencia, con amplas saídas laborais tanto nos centros de traballo que acabamos de mencionar como nos que hai nos concellos lindeiros así como nos diversos Servizos de Axuda no Fogar ou outras iniciativas

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



semellantes. Outes conta, ademais, cunha ubicación idónea para acoller estudantes de concellos lindeiros.

É por isto polo que consideramos necesario explorar as posibilidades de implantación do grao “Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia” que pode abrir novas oportunidades laborais e satisfacer unha necesidade fundamental na nosa sociedade.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

1. *Solicitar á Xunta de Galiza a implantación no IES Poeta Añón dun grao “Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia” (SSCS02)."*

A voceira de Compromiso Outes valorou a iniciativa como interesante polas súas saídas laborais e sociais.

O concelleiro non adscrito matizou que a falta de coidadores debíase aos baixos salarios das empresas e non só á falta de formación.

O alcalde argumentou que a solicitude directa á Xunta era precipitada sen contar antes co informe do equipo directivo do IES, e asegurou que o goberno municipal xa estaba tramitando un curso de 600 horas de atención sociosanitaria. Votarán en contra.

Intervén o voceiro do BNG indicando a necesidade de que a xente se atope preparada e formada nun ámbito tan importante como é o dos coidados. Di que tiveron contacto do IES e con outras entidades e que sempre se mostraron receptivos e encantados, mais a última palabra é da Consellería de Educación. Considera a súa proposta como posible e sensata.

A voceira de compromiso Outes reitera que están a favor da moción.

O concelleiro non adscrito dí que debería explorarse a posibilidade primeiro e despois analizarse quen sería o órgano competente a instar.

Pecha o punto o alcalde indicando que a moción non fala de explorar posibilidade, se non de instar directamente á Xunta.

Sométese o punto a votación quedando **REXEITADA**, con 6 votos a favor (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG) e 7 votos en contra (Grupo municipal do PP + Concelleiro non adscrito).



B) ACTIVIDADE DE CONTROL**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO 2026-0095 A 2026-0211**

O pleno dase por enterado.

C) MOCIÓNS DE URXENCIA**RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2026****FAVORABLE****Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte da Concelleira de Facenda, a sra. Molinos Vidal, motívase a urxencia deste punto para non atrasar ata xuño o pago de facturas a provedores do ano anterior.

Procédese a votar a inclusión do punto na orde do día, quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA** dos membros presentes, cos votos favorables dos Grupos municipais do PP (6), BNG (2) e concelleiro non adscrito (1) e abstencións do Grupo municipal de Compromiso Outes (4).

De seguido expónse a proposta de acordo por parte da Concelleira de Facenda, cuxo teor literal é o seguinte:

“Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos polos importes indicados a continuación, que se corresponden coas seguintes relacións de gastos que constan no expediente:

- ✓ *Relación OPA X/2025/2 (facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2025), por importe de 2.788,50€*
- ✓ *Relación contable F/2026/11 (facturas ano 2025 presentadas no exercicio 2026), por importe total de 32.116,91€*
- ✓ *Liquidación de asistencias tribunal de selección Axente de Igualdade, por importe total de 397,71€, imputables á aplicación orzamentaria: 920/23300 (Exp. Gestiona 786/2025)*
- ✓ *Liquidacións asistencias a órganos colexiados 4º TRIMESTRE 2025 (exp. 823/2023), por importe total bruto de 1.125,00, imputables á aplicación orzamentaria 912 23300*

Visto o informe de reparo número 2026-0009, formulado pola Intervención municipal, de data 27.04.2026, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nos relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2026, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026



PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas e liquidacións afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2026, por importe total de 36.428,12€, que se corresponde coas facturas incluídas nas relacións contables e liquidacións referidas.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas.”

A voceira de Compromiso Outes di que este é un procedemento habitual, e critica a incongruencia do equipo de goberno cando antes criticaba acudir a esta figura para o pagamento de facturas cando antes a criticaban cando estaban na oposición.

O voceiro do BNG di que non se lle deu acceso á documentación coa antelación necesaria.

O concelleiro non adscrito defendeu que era preferible sacrificar tempo de debate para pagarlle antes aos provedores locais.

A concelleira de Facenda reprochoulle á oposición o seu descoñecemento dos trámites e recordoulles o elevado número de facturas sen pagar que o goberno anterior levara a RECs no pasado.

A voceira de Compromiso Outes di que non tiveron tempo necesario para analizar pormenorizadamente o expediente, e que o goberno tivo tempo de traer antes o expediente á vista das datas de presentación das facturas incluídas no mesmo.

O voceiro do BNG di que non critican o procedemento, xa que os servizos prestados teñense que pagar, se non as formas do goberno. Roga teñan a ben tramitar as cousas en tempo e forma.

Pecha o punto a Concelleira de Facenda, indicando que é un expediente relativamente sinxelo e que o tempo que tiveron para o seu estudo debería ser suficiente.

Rematado o debate sométese o punto a debate quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos (13) membros presentes.

MOCIÓN RELATIVA Á CENTRAL DO TAMBRE

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



FAVORABLE	Tipo de votación: Ordinaria
------------------	------------------------------------

Por parte da alcalde motívase a urxencia deste punto en base a que para o seu grupo todo o relativo ao marisqueo ten carácter urxente.

Procédese a votar a inclusión do punto na orde do día, quedando aprobado **por MAIORÍA ABSOLUTA** dos membros presentes, cos votos favorables dos Grupos municipais do PP (6) e concelleiro non adscrito (1) e abstencións do Grupo municipal de Compromiso Outes (4) e BNG (2).

De seguido expónse a proposta de acordo por parte do alcalde, cuxo teor literal é o seguinte:

“O Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Outes formula para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación a seguinte moción de urxencia:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido ao interese que ten para o noso concello todo o relacionado coas boas condicións do marisqueo da Ría de e Noia, e vista a preocupación xeral polo funcionamento do protocolo de xestión do caudal da central do Tambre, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Trasladar á Xunta de Galicia esa preocupación e instar a todas as Administracións que poidan ter competencia nesta materia a que sexa revisado o protocolo con criterios obxectivos e técnicos de maneira que se preserven as condicións óptimas para o ecosistema e mais para a práctica do marisqueo na ría.”

Intervén a voceira de Compromiso Outes, tachou o movemento de infantil, sinalando que o goberno debese presentar unha emenda á moción que o BNG trouxera previamente en lugar de enredar con outro punto de urxencia.

O voceiro do BNG coincidiu nas críticas, indicando que o PP actuaba con nerviosismo para ocultar as décadas de inacción de Augas de Galicia.

Intervén o alcalde argumentando que o problema tamén implicaba ao goberno estatal e non só á Xunta, polo que consideran que deben instarse a todas as Administracións interesadas. Engade que non están a facer nada ilegal.

O voceiro do BNG indica que non insinúa que o que fagan sexa ilegal, pero que o normal é presentar unha emenda. Di que non queren botarlle todas as culpas á Xunta, pero terá que asumir responsabilidades quen teña as competencias.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



Finalizado o debate, procédese á votación quedando a moción aprobada por **UNANIMIDADE** dos (13) membros presentes.

C) ROGOS E PREGUNTAS

1.- Preguntas orais formuladas no pleno anterior:

a) BNG

1.- Pregunta se o concello ten previsto a cesión de algún local municipal para ubicar á asociación Terra de Outes, que quedou sen espazo debido ás obras no colexio do cruceiro de Roo.

Resposta o alcalde que se chegou a un acordo para que a asociación utilizase a escola unitaria de Outes

2.- Preguntas presentadas por sede electrónica:

a) Compromiso Outes

1.- *Con motivo da celebración do Pampallín o vindeiro 30 de abril, o noso grupo quere coñecer:*

- *Se está prevista a instalación dunha carpa para o desenvolvemento do evento*
- *Cal é o orzamento total destinado á celebración, detallando o desglose dos principais gastos (infraestrutura, contratacións, seguridade, etc)*

Resposta o alcalde que o investimento total é de 28.219,81 euros máis IVE, enumerando o custo das orquestras, seguridade, carpas e demais servizos, e resaltou que esta cifra era significativamente menor que os máis de 41.000 euros gastados polo goberno de Compromiso no ano 2024

2.- *En relación co pavillón do Cruceiro de Roo cabe lembrar que se trata dunhas instalación que presentou problemas recorrentes de humidades dende a súa construción, sen que nos conste resolución definitiva. Así mesmo, hai arredor dun ano e medio, dende a concellería de deportes advertiuse da existencia de problemas de seguridade que motivaron a suspensión dos préstamos.*

Recentemente, tivemos coñecemento da existencia dun proxecto para este

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



espazo, para o cal se solicitou unha subvención, e que contempla un uso compartido de carácter deportivo e social.

Á vista do anterior, o noso grupo quere coñecer:

- *En que estado se atopa a solicitude de subvención e, no seu caso, cando se prevé a súa*

resolución?

- *Foron reavaliados e solucionados os problemas de humidades existentes no edificio?*

- *Tívoise en conta esta problemática na redacción do proxecto presentado?*

- *Pode garantir o goberno que, de executarse a actuación, o edificio quedará libre destas*

deficiencias que semellan estruturais?

O alcalde confirmou que a subvención fora solicitada en tempo e forma ao GDR e que o proxecto redactado ten como obxectivo solucionar precisamente os problemas de humidades e transformar o espazo para uso multidisciplinar.

3.- Compre lembrar que durante o noso mandato se aprobou un proxecto para a adecuación da planta superior do edificio da escola infantil do Cruceiro de Roo, co obxectivo de reubicar actividades municipais e continuar coa recuperación de espazos públicos en desuso. Esta actuación estaba pensada para acoller a escola de música e baile tradicional do concello, así como ar dotar á parroquia de Roo dun espazo de uso veciñal e para o desenvolvemento de distintas actividades municipais.

Segundo a información da que dispoñemos, na actualidade estanse a desenvolver algunhas actividades deste espazo sen que, aparentemente, se completase a súa adecuación.

Á vista do anterior, o noso grupo quere coñecer:

- *Considera o goberno municipal que as condicións actuais do espazo, nomeadamente o estado do chan en cemento, son axeitadas para o desenvolvemento de actividades municipais de calquera natureza?*

- *No caso de terse realizado actuacións de mellora ou adecuación, que obras se levaron a cabo e cal foi o seu custo?*

Resposta o alcalde O alcalde precisando que no proxecto orixinal deixado polo

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



gobierno anterior non se mencionaban os usos veciñais que agora relataban. Asegurou que as instalacións foron recubertas con chan de linóleo por un custo en material duns 1.700 euros e que actualmente son aptas para albergar as clases de memoria e ximnasia que foran trasladadas trala cesión do colexio novo á asociación Adisbismur.

4.- O proxecto de acondicionamento da planta superior do colexio vello do Cruceiro de Roo, do que acabamos de falar, forma parte dun conxunto de proxectos aprobados durante o noso mandato, que debían ser licitados e a día de hoxe non nos consta ningún avance na súa tramitación.

Neste grupo de proxectos están, por exemplo, a renovación do saneamento e abastecemento da Avda. De Fisterra, a mellora de viais en Braño, a pavimentación de camiños en Lantarou, a mellora do pavimento da rúa do Cristo, a senda dende a piscina ata o paseo e algúns máis.

- En que situación administrativa se atopan actualmente estes proxectos?*
- Existe unha planificación concreta para a súa licitación e execución? En caso afirmativo, en que prazos?*

O alcalde resposta indicando que case tódolos proxectos enumerados foran licitados nos meses de febreiro e marzo de 2026, atopándose a maioría en fase de proposta de adxudicación, coa excepción da senda, cuxo expediente de licitación estase elaborando agora.

5.- Nos anos 2022 e 2024 durante o noso goberno, con financiación do GALP e o esforzo da Axencia de Desenvolvemento Local realizáronse dúas edicións da Feira Náutica de O Freixo.

- Ten o goberno municipal intención de dar continuidade a este evento?*
- Se a resposta é afirmativa, manterase o seu carácter bianual?*
- Estase a traballar xa nunha previsión de datas e/ou planificación para a súa próxima edición*

O alcalde resposta que o goberno municipal non prevé continuar a feira náutica, xa que o GALP non financia eventos recorrentes e o gasto para as arcas municipais non resulta proporcional ao beneficio.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



6.- O Concello de Outes participaba dende 2023 como entidade asociada a un proxecto da Universidade de Vigo destinado a impulsar a creación de Comunidades Enerxéticas, un modelo de produción e consumo enerxético alternativo, con potenciais beneficios para a veciñanza.

- Sigue participando o concello nese proxecto?
- Ten previsto o concello impulsar unha comunidade enerxética en Outes?

O alcalde sinalou que o concello segue inscrito no programa Ecorural da FEGAMP, que asesora xunto á Universidade de Vigo, e que se seguen avaliando os pros e os contras para valorar unha comunidade enerxética no futuro.

7.- O noso goberno impulsou a creación dunha zona industrial para o cal se deron pasos moi importantes para a modificación do PXOUM. En que estado está a tramitación da modificación do PXOUM para a creación de chan de uso industrial?

O alcalde explica que un informe desfavorable de Costas do Estado obrigaba a reducir considerablemente a edificabilidade prevista e que o goberno ten solicitada unha reunión coa citada administración para emendar a situación.

8.- En relación ao Parque Eólico “Outes”, que promove a empresa Norvento, o seu goberno informou de contactos coa empresa para que unha parte dos rendementos que esta empresa vai obter grazas a esas instalacións repercutan na nosa veciñanza e dese xeito paliar, canto menos parcialmente, o impacto negativo sobre a paisaxe, o medio ambiente e á veciñanza que reside nas inmediacións do parque. Que avances se produciron nesas negociacións?

O alcalde confirmou que chegaron a un convenio con Norvento polo cal a empresa investirá máis de 200.000 euros en arranxar once quilómetros de viarios. No tocante a outros rendementos, indicou que están á espera de resolver un litixio co concello de Negreira sobre os límites territoriais.

3.- Preguntas orais:

Non hai.

ROGOS

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026



1.- COMPROMISO OUTES

Formula a sra. Quintela Vilariño os seguintes rogos orais:

1.- Algúns veciños fixéronnos chegar información de que o espello que está colocado fronte ao cruce da rúa do Portelo do Roo, o que sería enfronte do Candil, non está ben colocado e non dá o servizo que corresponde. Rogamos que solucionen este asunto antes de que poida causar algún problema de seguridade vial

2.- Recibimos varias imaxes de cousas en mal estado no parque da Cruz, das que creo, ou polo que me dixeron, xa ten constancia o señor alcalde. Unha é unha reixa rota na fonte, un elemento do parque infantil de trepa está roto e está perigoso. E hai tamén unha conexión eléctrica, que creo que é onde se enchufan os elementos de Nadal, que está sen ningún tipo de protección, causando bastantes problemas de seguridade ao noso entender. Rogamos que poña solución a todos estes problemas en aras da seguridade dos veciños.

2.- BNG

Formula o sr. Núñez Fernández os seguintes rogos orais:

1.- Roga se recupere a parte tradicional na celebración do Pampallín

2.- No ano 2024 fixemos un investimento importante no Pampallín e adecuámonos aos requisitos que ten a Deputación da Coruña para acollernos a unha subvención moi importante de festivais. No primeiro ano era un esforzo importante, pero a idea era continuar nesta senda para ir recibindo, como por exemplo o ano pasado, máis de 10.000 € nesta subvención de festivais da Deputación da Coruña, o cal permite ao concello de Outes ter un festival de maior calidade e aportando menos diñeiro dende as arcas municipais. Rogamos que sigan traballando e esforzándose por cumprir os requisitos da Deputación da Coruña para aforrar máis diñeiro ás arcas municipais.

3.- Fomos coñecedores de que se retiraron algúns contedores marróns dos novos e polo tanto queremos rogar dúas cousas: primeiro a poder ser, se foi por algún problema técnico, que se volvan a repoñer o máis pronto posible, e a maiores volver a facer concienciación e algunha campaña para intentar aumentar o número de veciños que poidan usar este contenedor de orgánico.

4.- Tamén queremos rogar que se arranxe a pista que vai á capela de San Bieito no Freixo, xa que nos últimos meses presenta un estado bastante mellorable e polo tanto entendemos que hai bastante que facer.

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**



5.- Pedimos o mesmo para a estrada de acceso en Viro dende Cruceiro de Roo, que tamén presenta un estado moi mellorable, rogamos que se actúe polo menos para paliar a situación que presenta.

6.- Tamén somos coñecedores de que o comedeiro de Tremozo leva bastante tempo sen levar unha pasada e polo tanto non está nas mellores das condicións e polo tanto rogamos que o concello actúe para que se poña nunhas condicións adecuadas.

7.- Volvemos a insistir nalgunhas cousas que xa levamos tempo dicindo, como por exemplo os postes da luz ou farolas que levan tempo abandonados no viario público e que necesitan ser apartadas para evitar por exemplo problemas de seguridade vial, como pode ser un poste de cemento na entrada de Mosteiro á altura de Fufú, ou na rúa Castelao unha farola que leva bastante tempo apoiada nunha vaia.

8.- Tamén queremos insistir nunha proposta que fixemos xa fai máis dun ano e aínda non tivemos ningunha noticia de proxecto ou actuación directamente por parte do concello, quizais se nos recortaron 80.000 € no pintado en concreto da rúa do Agro das Mozas e da estrada de Cruceiro de Roo que vai á igrexa, que necesita efectivamente un pintado porque xa non hai practicamente pintado visible nestas rúas.

9.- Tamén queremos rogar que se arranxe e mellore a contorna do parque infantil da Cruz, en concreto arredor da fonte, xa que está rebentada e vai filtrando auga por alí.

10.- Rogamos que agora que a empresa do novo tanatorio no bosque concluíu polo menos as actuacións exteriores, que se poña a funcionar a farola que hai encima da illa de desperdicios de contenedores que hai alí, para que é unha zona moi transitada á que van moitos veciños a moitas horas. Moitas veces hai veciños que por cuestións laborais pois teñen que ir á noite e leva agora bastante tempo sen funcionar. Entón rogamos que se conecte e se poña a funcionar esa farola.



E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:56 horas, de todo o cal, como secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 21/07/2026

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA
29 DE ABRIL DE 2026**

Rúa da Vila, 1. 15230 Outes. A Coruña | 981 85 00 03 | concello@outes.gal | **outes.gal**

Cod. Validación: 5X3YEMD7M4MEYE6NRQ7S2N2HJ
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 37

